



## **BASES DO CONCURSO DE DISFRACES “ENTROIDO 2026”**

Para a celebración do concurso de disfraces do Entroido 2026 que organiza o Concello de Cee, establécense as seguintes BASES:

- ⇒ a) O prazo de inscrición tanto de individuais como de parellas e comparsas participantes (15 ou máis membros) estará aberto desde as 9.30 horas do **luns 9 de febreiro** ata as 23.59 horas do luns **16 de febreiro** . No momento da **inscrición**, que terá lugar no Rexistro Xeral das oficinas municipais ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións, os participantes entregarán debidamente cuberto o modelo de solicitude de participación, que se achega como anexo ás presentes bases, e no que deberán facer constar o nome e enderezo do seu **representante**, xunto co C.I.F. e un número de conta bancaria no que ingresar o posible premio.
- ⇒ b) Idades dos participantes:
  - ⇒ individuais: non se establece límite de idade.
  - ⇒ Parellas: non se establece límite de idade.
  - ⇒ Comparsas: non se establece un límite de idade. O número mínimo de integrantes, independentemente da súa idade, ten que ser de 15 persoas. Así mesmo, o representante de cada comparsa ten que ser maior de idade.
- ⇒ c) A concentración de participantes terá lugar o **sábado 21 de febreiro** de 2026 na Avda. Lino Rodríguez Madero (preto da Casa de Cultura). O desfile comezará ás 16.30 horas e percorrerá diferentes rúas da vila. Ó seu remate, os participantes dirixiranse ó Pavillón Polideportivo Municipal no que terá lugar a actuación final.
- ⇒ d) A orde do desfile rexerese segundo a de inscrición; se ben por razóns técnicas a organización pode introducir as modificacións que considere oportunas. Iniciarán o desfile os individuais, parellas e a continuación as comparsas.
- ⇒ e) Toda comparsa que non acate as ordes da organización será descualificada.
- ⇒ f) O xurado, no que actuará como secretario o técnico de Cultura do Concello, será feito público polo Concello de Cee o xoves 19 de febreiro xunto coa lista de comparsas participantes tanto no taboleiro municipal como na páxina web [www.cee.gal](http://www.cee.gal)



⇒ g) O xurado poderá declarar desertos algún ou todos os premios motivando para iso a súa resolución (art. 35 da Lei 39/2015 de 1 de outubro).

⇒ h) Criterios de avaliación:

- Categorías de individual e parellas (sobre unha puntuación máxima de 5 puntos):

- participación e animosidade no desfile (1 punto), calidade e caracterización dos disfraces (4 puntos). Nestas categorías o valor máis grande é para o disfraz, non contemplándose unha posible actuación.

- -Categoría de comparsas (sobre unha puntuación máxima de 10 puntos): participación e animosidade no desfile (2 puntos), calidade e caracterización dos disfraces (3 puntos) e finalmente a actuación (5 puntos).

- é importante subliñar que esta actuación contará cun tempo máximo de **15 minutos improrrogables** tendo en conta que por cada minuto que se exceda do tempo establecido restarase 0,25 puntos da puntuación obtida, e que non está permitido o uso de confetti durante a mesma.

- Categoría de carrozas (sobre unha puntuación máxima de 10 puntos):

- o xurado valorará a creatividade e orixinalidade (5 puntos) así como a laboriosidade das mesmas (5 puntos). As carrozas valoraranse exclusivamente en exterior e enténdese por carroza calquera remolque decorado de dimensións mínimas de 2 metros de longo.

⇒ i) Establécense os seguintes premios:

⇒ **Parellas e individuais:**

**Premios Parellas: 100, 75 e 50 €. Premios Individuais: 60, 40 e 25 €.** Se hai algún menor de idade nesta categoría, este deberá ser acompañado polo pai, nai ou titor para poder recibir o premio.

⇒ **Comparsas:**

**1º Premio : 925 € - 2º Premio: 725 € - 3º Premio: 600 €**

**4º Premio : 500 € - 5º Premio: 400 € - 6º Premio: 275 €**

**Comparsas clasificadas do 7º ó 10º posto, se as houberse,: 150 € cada unha**

⇒ **Carrozas:**

**1º Premio : 550 € - 2º Premio: 400 € - 3º Premio: 275 €**



⇒ j) Forma de pago: será por transferencia bancaria ó numero de conta que figure na ficha de inscrición, se ben no caso da categoría de individual e parellas poderá entregarse o certificado de conta bancaria despois de celebrado o concurso.

Os premios de importe **igual ou superior a 300 €** de acordo coa normativa legal vixente estarán suxeitos á correspondente **retención:**

**no caso das personas físicas: retención de IRPF do 19%**

**no caso das personas xurídicas (entidades, asociacións sen ánimo de lucro, ...: retención do imposto de sociedades do 19%).**

Lembramos que cada comparsa debe presentar, no momento da inscrición, copia do D.N.I do representante, C.I.F. da entidade e nº de conta bancaria.

⇒ k) O importe máximo a outorgar non poderá superar a cantidade de 5.600 €, con cargo á partida 330/481.00 para premios e subvencións, correspondente ao orzamento xeral do Concello para o ano 2026.

⇒ l) As presentes bases serán publicadas no B.O.P, taboleiro de anuncios municipal e na web do concello: [www.cee.gal](http://www.cee.gal)

⇒ m) Os concursantes, polo propio feito da súa participación, aceptan en tódolos seus termos, as presentes bases.



⇒ **INFORMACIÓN ADICIONAL – PROTECCIÓN DE DATOS.**

O Responsable do tratamento dos seus datos é o Concello de Cee con CIF: P1502300E e enderezo postal na rúa Domingo Antonio de Andrade, s/n, 15270 Cee (A Coruña) A finalidade do tratamento dos datos solicitados a través do formulario, así como outra documentación que poida ser achegada, será tratada coa finalidade de xestionar a inscrición no concurso de disfraces Entroido 2026 e a posterior entrega de premios. Os datos persoais conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos. A base legal para o tratamento dos datos facilitados está baseada no artigo 6.1.e) do RXPDP: o tratamento é necesario para o cumprimento dunha misión realizada de interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento.

Os datos dos premiados nas categorías que inclúen prestación económica serán comunicados ás entidades bancarias con obxecto de realizar o seu abono, así como á Base de Datos Nacional de Subvencións, á Axencia Estatal da Administración Tributaria e aos organismos de control. Así mesmo, coa finalidade de divulgar o concurso, procederase á difusión de imaxes (fotografías/vídeos) dos participantes e gañadores a través de perfís de redes sociais (Facebook, Twitter, Instagram e Youtube), así como a web municipal do Concello de Cee. No caso das fotografías dos menores, a base de licitude estará baseada no art. 6.1 a) o consentimento expreso dos seus proxenitores ou tutores legais. No resto dos participantes, o consentimento para o tratamento de fotografías dos participantes enténdese outorgado pola solicitude de participación no mesmo, o que comporta a achega de datos necesarios, tanto do participante como das persoas identificables que aparezan nas comparsas. Respecto destas, é posible entender que quen pousa voluntariamente para unha fotografía, está a outorgar implicitamente o seu consentimento ao tratamento que se efectúe da súa imaxe. A publicación en Facebook, Twitter, Instagram e Youtube conleva realizar transferencias internacionais de datos. As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación do tratamento, nos termos previstos na precitada Lei, mediante comunicación escrita dirixida ao responsable do tratamento, o Concello de Cee, co enderezo arriba indicado ou a través da sede electrónica <https://sede.cee.gal> . Pode obter información máis detallada sobre o tratamento dos seus datos persoais a través do correo [dpd@cee.gal](mailto:dpd@cee.gal) ou consultando a Política de privacidade na páxina web do Concello accedendo ao seguinte enlace <https://cee.gal/es/privacidade/>

Se no exercicio dos seus dereitos non foi debidamente atendido, poderá presentar unha reclamación ante a AEPD con enderezo en : C/Jorge Juan, 6 - 28001 MADRID e sede electrónica: <https://sedeagpd.gob.es>

En Cee, na data da sinatura dixital

A Alcaldesa

Margarita Lamela Louzán